

IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO
2022-2023

Materia	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Curso	2ºESO
Departamento	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		

OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

	OBXECTIVOS	CONTIDOS
1ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender diferentes tipos de textos literarios. • Identificar textos literarios narrativos, poéticos e teatrais. • Identificar textos non literarios (periodísticos, informativos, biografías, etc.). • Distinguir unha expresión coloquial e oral dunha formal e escrita. • Empregar, oral e por escrito, un mínimo de adxectivos cualificativos e determinativos, pronomes, verbos e adverbios apropiados. • Resumir e esquematizar textos orais sinxelos . • Ler diferentes tipos de textos con fluidez e expresividade. Ler comprensivamente. • Distinguir clases de palabras e sintagmas. • Identificar e comprender as funcións sintácticas fundamentais dunha oración para entender a súa expresividade: suxeito, predicado; suxeito, verbo, CD, CI, CC; suxeito axente e o complemento axente. • Progresar na expresión oral e escrita, e na lectura. • Lectura dun libro dos obrigatorios e entender o fondo e a forma das súas mensaxes básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • T.1- O texto e as súas propiedades. O diálogo e a comunicación. As funcións da linguaxe. Estrutura da palabra. Regras xerais de acentuación. • T.2- As clases de palabras (I): substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes. Os textos narrativos. Palabras primitivas e derivadas. Ditongos, tritongos e hiatos. • T.3- As clases de palabras (II). O verbo. Adverbios e locucións adverbiais. Preposicións e locucións preposicionais. A composición. Os textos descritivos. Ortografía de verbos irregulares. Ortografía do verbo <i>haber</i>. • T.4- Os grupos de palabras: nominal, adxectivo, adverbial, preposicional. Os textos expositivos. - Siglas e acrónimos. Ortografía: os signos de puntuación. • Libro de lectura obrigatoria: <i>Mitos griegos</i>, de Maria Angelidou.

<p style="text-align: center;">2ª AVA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender textos poéticos sinxelos. • Distinguir textos breves con recursos estilísticos propios da poesía: metáforas, personificacións, comparacións; recursos de repetición; cómputo silábico; arte maior e menor; tipos de estrofas e poemas. • Resumir e comentar brevemente textos poéticos • Identificar oracións segundo a actitude do falante. • Comprender noticias e crónicas breves segundo a súa tipoloxía textual. • Distinguir os textos teatrais dos demais textos; a comedia e a traxedia; diferenciar tipos de textos teatrais: monólogos, etc. • Utilizar sinónimos, antónimos. Construír e recoñecer campos semánticos. • Puntuar textos con diálogos; estilo directo e indirecto. • Identificar as diferentes formas de expresar unha idea segundo as funcións sintácticas da oración: oración activa e pasiva; tipos de suxeitos e complementos. • Progresar na expresión oral e escrita e na lectura. • Ler comprensivamente un dos libros obrigatorios. Extraer as mensaxes básicas do fondo e da forma escrita do libro. 	<ul style="list-style-type: none"> • T.5- A oración simple. Os constituíntes da oración: suxeito e predicado. Os textos argumentativos. Sinonimia e antonimia. Homófonos y parónimos con <i>b e v</i>. • T.6- Os complementos do verbo: c. directo, c.i ndirecto, c. de réxime, c.agente, c. circunstancial, atributo, c.predicativo. Os textos normativos e instrutivos. Hiperonimia e hiponimia. As letras <i>g e j</i>. • T.7- As clases de oracións: atributivas e predicativas; transitivas e intransitivas, activas e pasivas. Os textos periodísticos (I). Campo semántico. As letras <i>ll e y</i>. • T.8- A realidade plurilingüe de España. Variedades xeográficas do español. Os textos periodísticos (II). Palabras tabú e eufemismos. A letra <i>h</i>. Palabras homófonas con <i>e</i> sen <i>h</i>. • Libro de lectura obrigatoria: <i>Campos de fresas</i>, de Jordi Sierra i Fabra.
<p style="text-align: center;">3ª AVA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar os textos épicos de outros. • Recoñecer e crear textos expositivos. • Diferenciar a novela do resto de textos narrativos. • O informe. • Diferenciar os subxéneros da novela. • Diferenciar os contos populares dos literarios. O conto fantástico. • As normas e as instrucións, a carta de solicitude • Os sintagmas, a oración simple: atributo, c. de réxime e c. predicativo. Clases de oracións. • Entender as mensaxes básicas dun dos libros obrigatorios e entender os recursos formais que utiliza @ autor@. 	<ul style="list-style-type: none"> • T.9- Literatura en verso e en prosa. As estrofas. As orixes da literatura: os mitos e as epopeias. Os xéneros literarios. Denotación e connotación. • T.10- Características da lírica. A lírica popular e a lírica culta. Poemas estróficos e poemas non estróficos. A linguaxe literaria: os recursos expresivos. O léxico da experiencia. • T.11- A narrativa: orixes. Os contos. As novelas. As técnicas narrativas.-Neoloxismos e préstamos. • T.12- O teatro. Orixes do teatro. A traxedia. A comedia. Farsas, pasos, entremeses e sainetes. O léxico da traxedia. Diálogo e monólogo no texto dramático. O cambio semántico. • Libro de lectura obrigatoria: <i>Las lágrimas de Shiva</i>, de César Mallorquí.

1ª AVA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido global de textos orais. • Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas. • Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos. • Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. • Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. • Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. • Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. • Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos. • Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, palabras tabú e eufemismos. • Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. • Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. • Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • O proceso da comunicación e os seus elementos. • As funcións da linguaxe. • Modalidades textuais: narración, descripción, exposición. • Textos dos medios de comunicación. • Siglas e acrónimos. • As clases de palabras: substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, preposicións e conxuncións.

2ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. • Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura. • Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Oracións simples (análise sintáctica). Clases de oracións. • Textos argumentativos. • Os textos periodísticos. • O campo semántico. O texto. A cohesión e os conectores. • A riqueza lingüística de España. Variedades da lingua. • O campo semántico. • Sinonimia e antonimia. • Polisemia e homonimia. • Literatura en verso e en prosa. • As estrofas.
3ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura. • Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios. • Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os textos literarios. Recursos estilísticos. Análise métrica. • Os xéneros literarios: lírica, narrativa e teatro. • As orixes da literatura. Os mitos. As epopeias. • Literatura en verso e en prosa. • As estrofas. • Denotación e connotación. • Características da lírica. • A linguaxe literaria. Os recursos expresivos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nos primeiros días de curso @ docente realizará unha proba de **avaliación inicial**. Esta permitirá adaptar as tarefas ao nivel de coñecemento d@s alumn@s.

Realizaranse un mínimo de **dúas probas obxectivas escritas** no trimestre, das que se calculará a media.

Descontarase un máximo de 1 punto por erros de ortografía a razón de 0,10 puntos por cada falta grave (confusión *b/v*, emprego do *h*, confusión *g/j*, etc.).

CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN

Para obter a nota de avaliación utilizaranse as porcentaxes indicadas na seguinte táboa:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
Conceptos e procedementos (probos obxectivos escritos)	80%
Actitude cara á materia (traballo diario, emprego do material axeitado na aula e prazos para a realización das tarefas, presentación de traballos, etc.)	10%
Lectura obrigatoria	10%

Para a obtención da nota final (AVALIACIÓN ORDINARIA) aplicaranse as seguintes porcentaxes: 20% (1ª avaliación), 30% (2ª avaliación), 50% (3ª avaliación). En caso de non obter a cualificación de 5 polo procedemento anterior, o alumnado en cuestión terá dereito a unha proba final de carácter global (as lecturas de cada trimestre non serán avaliadas). A cualificación obtida, se é inferior á de partida, non minorará esta última.

Non haberá probas de recuperación parciais en caso de que o alumnado suspenda unha ou máis avaliacións, dado que a adquisición de contidos e destrezas no ámbito da comprensión e expresión escrita fundamentalmente, así como no do recoñecemento e aplicación de contidos propiamente gramaticais, son de carácter eminentemente e moderadamente sumativo e progresivo, de xeito que o desenvolvemento da materia ao longo do curso e a tipoloxía das actividades (incluídas as lecturas) garanten a posibilidade da integración exitosa no proceso de aprendizaxe da materia d@ alumn@ coa primeira ou segunda avaliacións suspensas.

O alumnado que, tendo superado a materia polo procedemento “ordinario” establecido (aplicación das porcentaxes por avaliación especificadas arriba), desexe intentar mellorar UN PUNTO a cualificación final ordinaria deberá presentarse á mencionada proba final e obter unha puntuación superior á de partida. A cualificación obtida, se é inferior á de partida, non minorará esta última.